

**INSTRUCCIÓN DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA  
VICERREITORÍA DE ESTUDANTADO E EMPREGABILIDADE  
SOBRE USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS PROPIOS**

Á vista da Recomendación 2/2025 feita polo delegado de Protección de Datos (DPD) da Universidade de Vigo, cara á adopción de medidas en relación coas boas prácticas no uso de medios tecnolóxicos alleos á Universidade de Vigo polo seu estudantado e recomendación de uso de medios técnicos establecidos pola Universidade,

Esta Vicerreitoría **DITA A PRESENTE INSTRUCCIÓN**

**Primeiro.-** Os decanatos e as direccións dos centros da Universidade de Vigo lembrarán ao seu profesorado a necesidade de empregar, a efectos docentes, en xeral, e de comunicación co seu estudantado, en particular, exclusivamente as plataformas propias da Universidade de Vigo, servindo a tal fin o envío da presente instrución.

**Segundo.-** Debe lembrarse que, unha vez publicados os cronogramas das materias, do mesmo xeito que sucede coas guías docentes, só deben ser obxecto de modificación de xeito excepcional.

**Terceiro.-** En caso excepcional de cambio das datas das probas de avaliación continua xa establecidas, ben sexa a través do cronograma ou comunicación do profesorado, necesitarase a aprobación unánime do estudantado a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo (Moovi).

**Cuarto.-** Para asuntos non docentes, en caso de utilización polo alumnado de WhatsApp ou outras redes sociais, debe respectarse o Código Ético da Universidade de Vigo, sendo as persoas administradoras dos grupos de mensaxería as responsables de adoptar as medidas oportunas ao efecto, incluída a expulsión do estudantado que non manteña unha conducta adecuada.

**Quinto.-** A presente instrución entrará en vigor desde o día seguinte á súa publicación no taboleiro electrónico oficial da Universidade de Vigo.

A Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

(asinado electrónicamente)

Aos decanatos e ás direccións dos centros da Universidade de Vigo